

<b>Comunidade Autónoma / Departamento / Estado</b>	GALICIA
<b>Municipio</b>	FISTERRA
<b>Edificio</b>	Igrexa de San Xoán de Sardiñeiro
<b>Dirección</b>	Rúa Igrexa de Sardiñeiro, s/n. 15153
	42.94805688070335 -9.238712404290245
<b>Protección</b>	
<b>Descrición</b>	<p>Igrexa de planta de salón, con grosos muros e dunha soa nave. O presbiterio, de grandes dimensións, ten planta rectangular e está separada da única nave por un arco triunfal sobre pilastras. Cóbrese con bóveda de canón e acada unha grande altura. Tres portas dan acceso á nave: a principal polo oeste e dúas transversais de menor tamaño nos muros norte e sur, e con escasa decoración. A nave cóbrese cunha bóveda de canón articulada mediante cinco arcos faixóns que se apoian sobre ménsulas rematadas nunha pequena prancha cúbica. Ós pés da nave aparece un coro alto de madeira soportado por catro modillóns.</p> <p>A capela maior sobresaie en altura e cóbrese cun tellado a dúas augas ó igual ca nave. O paramento é de aparello de cachotería agás na fachada, que posúe perpiaños de tamaño irregular.</p> <p>A fachada actual, neoclásica, conserva do estilo barroco a moldura da xanela. Seguendo un esquema pentagonal e no eixo vertical, organízase de abaixo arriba, a porta en arco de medio punto moldurada. Sobre o ingreso vai unha ménsula e sobre ela aparece a figura de San Xoán Bautista, santo titular do templo, que fica mesmo no centro-baixo da xanela rectangular xa mencionada anteriormente e, rematando o conxunto unha espadana engadida no ano 1900, dun único corpo formado por dous arcos de medio punto onde se sitúan as campás e rematada por un tellado a dúas augas.</p>
<b>Campás</b>	2 campás.
<b>Fotos</b>	6
<b>Toques actuais de campás</b>	
<b>Conservación, mantemento</b>	
<b>Propostas</b>	
<b>Autors da documentación</b>	TROIANO CARRIL, Xosé / CAMPÁS E RELOXOS MONUMENTAIS DE GALICIA
<b>Data</b>	21-01-2022

## Campás actuais

Localización	Campá	Fundidor	Ano de fundición	Diámetro (en cm)	Peso
--------------	-------	----------	------------------	------------------	------

Espadana	<a href="#">Campá menor (1)</a>	<a href="#">HONTAÑÓN HAZA, PEDRO (1795-1876)</a>	1846	50	72
Espadana	<a href="#">Campá maior (2)</a>	<a href="#">OCAMPO, JUAN (ARCOS DA CONDESA)</a>	1954	60	125

Información completa: [Igrexa de San Xoán de Sardiñeiro - FISTERRA \(GALICIA\)](#)

PDF (29-06-2026)